

V Premio Editorial de Fotografía Documental Galega | Acta do Xurado

A Coruña, 1 de decembro de 2025

Reunido o xurado do **V Premio Editorial de Fotografía Documental Galega**, composto por:

Nerea Fernández, responsable de exposicións de PHotoESPAÑA;
Tono Arias, editor en Dispara;
Xosé Lois Gutiérrez Faílde, editor en Alauda Negra;
Cibrán Rico e Suso Vázquez, editores en Fabulatorio, selo encargado de converter en libro o proxecto gañador;

de acordo coas bases da convocatoria, procede a avaliar os proxectos presentados e acorda emitir a seguinte resolución:

GAÑADOR DO PREMIO

Jesús García — *Os días que foron 2014–2018*

O proxecto de Jesús García *Os días que foron 2014–2018* propón unha narrativa íntima e, ao tempo, coral, onde se deixan sentir os anhelos e ideais da xuventude sen agochar as contradicións e os conflitos dunha vida en comunidade. Afastado dun ollar paternalista, tan común en proxectos que se achegan ao momento vital da descuberta da vida adulta, este traballo constrúe un documentalismo doméstico e interior, unha busca da identidade propia e colectiva arredor da esperanza, da necesidade de crear novos territorios e da certeza das ruínas do tempo e da memoria.

En calidade de gañador do Premio Editorial, Jesús García verá convertido o seu proxecto en libro da man de Fabulatorio e recibirá mil euros (1.000€) en concepto de dereitos de autoría.

Mencións Especiais

Sara Montenegro — *Lo que queda de tarde*

Lo que queda de tarde é un exercicio feroz de sensibilidade e dignidade, afastado de calquera impulso de condescendencia adulta. Cada retrato funciona como un lugar de liberdade e un espazo seguro no que comezar a contar a identidade de cada unha de nós.

Damián Ucieda Cortés — *Pobo afgano, trincheiras e campo de tiro. Salcedo*

O traballo de Damián Ucieda Cortés reúne con brillantez algunhas das características máis destacadas do documentalismo contemporáneo: o recoñecemento da complexidade do real, a multilateralidade narrativa e unha linguaxe visual evocadora que deixa espazo á capacidade interpretativa de quen observa.

Os integrantes do xurado agradecen ademais a participación de todos os autores e celebran a variedade e calidade dos proxectos presentados nesta quinta edición.

E en probanza de todo o anterior, asinan a presente acta na data da súa emisión.